



# CURSO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA

A Escola de arte e superior de deseño Pablo Picasso da Coruña organiza un curso de Iniciación á fotografía impartido polo profesor Bernardo Villanueva Fernández. Esta actividade, cunha duración total de 36 horas, comezará o 26 de abril e rematará o 9 de xuño; as clases serán os mércores e venres, en horario de 17 a 20 horas.

O número de asistentes será de 12 persoas. O curso ofrécese a calquera persoa que non estea matriculada na escola, que non sexa persoal na EASD Pablo Picasso e que teña máis de 18 anos de idade.

O curso é gratuito, o centro aportará o material básico e imprescindible.

Para poder asistir a esta actividade, é precisa a inscrición para a realización dunha proba de selección. Esta proba determinará as 12 persoas que, logo de formalizar a matrícula pertinente, asistirán ao obradoiro.

Unha vez rematado o curso, entregarase un certificado de asistencia e aproveitamento.

## Programación do curso

1. A cámara Réflex analóxica e dixital, partes e manexo.
2. Exposición: diafragma e obturador.
3. Tipos de obxectivo.

1. Toma de imaxes en grupo, por diferentes partes da cidade.
2. Procesado analóxico e dixital (Camera Raw)
3. Introducción á xestión da cor e á preimpresión.

## Inscrición á proba de selección

Do 18 ao 20 de abril na oficina da EASD Pablo Picasso, en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas. Deberase presentar o formulario adxunto, debidamente cumprimentado, e unha copia do DNI.

## Proba de selección

Terá lugar o venres, 21 de abril en horario de 17 a 20 horas. Para a realización desta proba, será preciso aportar material de debuxo artístico (lapis negro ou grafito). Esta consistirá na execución dun esbozo para facer unha fotografía no primeiro andar da Escola, indicando con claridade a intención do suposto resultado.

## Matrícula

Días 24 e 25 de abril na oficina da EASD Pablo Picasso, en horario de 10 a 14 horas.

## Curso

Mércores e venres, entre o 26 de abril e o 9 de xuño, en horario de 17 a 20 horas.

## CURSO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA

APELIDOS, NOME

DNI

TELÉFONO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

Entregar este formulario n a oficina da EASD Pablo Picasso entre os días 18 e 20 de abril, en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas, adxuntando unha fotocopia do DNI



ESCOLA DE ARTE E  
SUPERIOR DE DESEÑO  
PABLO PICASSO  
A CORUÑA